

A obra para os máis novos de Bernardino Graña

É autor de dúas ducias de títulos de poesía, narrativa e teatro



Capa do libro de Graña, 'Rata linda de Compostela'



O narrador, poeta e académico da RAG, Bernardino Graña

ESTHER DE LEÓN VILORIA
USC/CRPIH

Nestas datas recomendamos a lectura de varias obras de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1932), un dos poucos académicos que se preocupou por axudar á formación do sistema literario infantil e xuvenil sen abandonar a literatura de adultos ou institucionalizada.

Bernardino Graña iniciouse na LIX no ano 1969 con *O león e o paxaro rebelde* (Galaxia), que mereceu o primeiro galardón do II Concurso de Contos Infantís O Facho, unha institución fundamental para a conformación da LIX, como xa se viu. Desde a publicación deste conto, que foi reeditado en 1990 (Xerais, colección Merlín), ata hoxe publicou ao redor de dúas ducias de títulos tanto de narrativa como de teatro e poesía, recoñecidos con varios galardóns.

Hoxe quérense salientar as obras narrativas *Cristo e San Pedro, peregrinos. Contos populares de Galicia* (Xerais, 1994), *Rata Linda de Compostela* (Xerais, 1994, 2009) e *Cantigas de Santa María* (Xerais, 1996), todas elas incluídas no *Itinerario de lecturas. De Camiño a Compostela pola LIX* (Xunta de Galicia/ELOS, 2010) por amosar unha relación máis ou menos directa co denominado Camiño das Estrelas.

A primeira delas, *Cristo e San Pedro, peregrinos. Contos populares de Galicia*, consiste nun conxunto de versións de contos orais centrados nas peregrinaxes de Cristo e San Pedro, que rematan en Santo Andrés de Teixido, destino

das peregrinacións anteriores ás que renden culto ao Apóstolo Santiago. Nun intento manifesto do escritor cangués por reivindicar a importancia da memoria colectiva e da riqueza da transmisión oral, achéganse ao lectorado as andanzas dos protagonistas que, grazas ao seu percorrido, entran en contacto cos habitantes de múltiples puntos xeográficos de Galicia e teñen así ocasión de coñecer o seu carácter e a súa maneira de entender a vida.

Na segunda, *Rata Linda de Compostela*, un conto rimado realizado a través da adaptación poética dun conto oral, nárrese a historia dunha roedora que habita nun pazo situado no Monte do Gozo, lugar emblemático do Camiño, e que ao casar se dirixe á catedral de Santiago nunha especie de peregrinación. Na historia cóntase que a protagonista, especialmente fachendosa da súa fermosura, tivo diversos pretendentes con variadas intencións, desde o Can ata o Burro, o Grilo e o Gato, mais finalmente escolleu o Rato á volta do seu periplo no estranxeiro.

Por último, nas *Cantigas de Santa María* ofrécense cincuenta composicións poéticas de Afonso X o Sabio sobre os milagres e intercesións atribuídos á Virxe María e ao apóstolo Santiago, unha reescrita libre en busca da comprensión e da musicalidade. Concretamente é *O romeiro de Santiago* que era luxurioso a cantiga na que se transmiten poeticamente as experiencias dun peregrino durante o traxecto cara ao Sepulcro do Apóstolo.

leonviloria@hotmail.com